



O PATIO DO MEU COLE

Ola son Fono,
o repoteiro con kimono
e hoxe teño que investigar
que é a xenerosidade?

Son xenerosos os nenos?
Comparten cos demais?
Ata o patio dun colexio
vin a preguntar.

-“Bos días Señor Plátano,
díganos como o ve,
compártenlle no patio?
Como o tratan a vostede?”

-“Pois eu sempre moi contento
vou dentro da mochila,
pero á hora do recreo
póño-me triste enseguida”.

-“Vaia “rollo” outra vez froita!”,
din en canto me ven.
-“Se o queres doucho,
non mo vou a comer!”

-“Se algún neno esqueceuse
de traer o seu almorzo,
colaboran os demais
dando parte do seu?”

(O sándwich contesta)

-“Eu como son moi brandiño
e moi fácil de partir,
ás veces si me comparten
e iso faime feliz.”

-“Se o meu recheo gústalles
recíbenme con sorrisos,
pero se non lles agrada
repártenme moi rápido.”

(A palmeira da a súa opinión)

-“A miña experiencia, con todo
moi diferente é,
cando aparezo no patio
todos quérenme comer.”

-“Os que me traen, moi felices,
saborean o meu chocolate,
e aínda que os demais pídanelles
a min nunca me reparten.”

(Fala Fono)

“Paréceme que estes nenos
non saben ser xenerosos,
comparten o que non queren
ou o que lles gusta pouco.”

Necesito a vosa axuda
para unha mensaxe lanzar”
e uns botes de pintura
foron o catro para buscar.

Usaron letras moi grandes
e ocuparon a parede,
para escribir unha mensaxe
que todos podían ver:

**Ser xeneroso non é dar
o que non nos gusta
ou non queremos,
é pensar nos demais
e compartir o que temos.**

